

Informe

ACCIONES DE COORDINACION

Facultade de Educación e Traballo Social



Curso 2021-2022
R3-DO0201 P1



Validación pola Comisión de
Garantía Interna de Calidade

Aprobado o 15/12/2021



Centro certificado
FIDES AUDIT



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo

Área de Calidade

PROCEDIMENTO: DO-0201 P1

**INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN
FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL
Curso 2021-2022**

Titulacións do Centro

Graos

Educación Infantil
Educación Primaria
Educación Social
Traballo Social

Máster

Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en
Contextos Educativos
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de
Idiomas

***Validación Comisión de Garantía Interna de Calidade e
Aprobación na Xunta da Facultade
15 decembro de 2022***



Centro certificado
FIDES-AUDIT



**Informe de Accions
de Coordinación
da Facultade de
Educación e Traballo
Social
DO-0201 P1**

Curso 2021-2022

Documento Validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade e aprobado pola
Xunta de Centro

Ourense, día 15 de decembro de 2022

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
II. ESTRUCTURA E RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	6
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DOCENTE	8
3.1. COORDINACIÓN DE TÍTULOS DE GRAO	8
3.2. COORDINACIÓN EN TÍTULOS DE MESTRADO	19
3.2.1. <i>Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos</i>	19
3.2.1.2. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación	22
3.2.1.4. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia	24
3.2.1.5. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo	24
3.2.2. <i>Mestrado do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas</i>	25
3.2.2.1. Accións de coordinación vertical	26
3.2.2.2. Coordinación horizontal	28
3.2.2.1. Accións de coordinación para as prácticas externas e o TFM	30
3.2.3. <i>Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos</i>	31
3.2.3.1. Reunións da coordinadora de Título coa coordinadora de PAT, técnicas biblioteca, coordinadores/as de módulo e materias e docentes do título.	32
3.2.3.2. Reunións das coordinadoras-es de materia co profesorado	33
3.2.3.3. Outras accións de coordinación desenvolvidas	34
IV. RESULTADOS NOS INDICADORES VINCULADOS COA COORDINACIÓN	35
4.1 Grao de Implementación dos formularios de coordinación docente	35
4.2. Resultados das enquisas de valoración docente de satisfacción das titulación	36
IV. CONCLUSIONES	39

INTRODUCCIÓN

A Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense conta cunha traxectoria de máis de 100 anos formando profesionais do ámbito socioeducativo e os seus principios de actuación enmárcanse na posta en valor da diversidade, a igualdade de oportunidades e o dereito á diferenza. En coherencia cos nosos valores formamos un equipo humano multidisciplinar constituído por máis de 150 traballadores (PDI, PAS) pero cun obxectivo común: formar profesionais preparados para a atención á diversidade en contextos educativos e sociais.

A diversidade de áreas que conforman o equipo docente require un esforzo importante na planificación e posta en marca de accións de coordinación que leven ao afianzamento dunha cultura académica caracterizada pola innovación metodolóxica e o traballo cooperativo.

Alcanzar un proxecto educativo de calidade implica necesariamente a consecución dun equipo docente coordinado, cohesionado e dirixido cara a un obxectivo común. A Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense consciente da importancia deste reto dispón dunha estrutura e dinámicas de coordinación docente que funcionan de forma continuada e estable. A pesar deste enfoque continuo, a Comisión de Calidade do Centro mantense en permanente alerta para identificar necesidades e achegar posibles solucións promovendo cambios necesarios a teor dos desaxustes que se producen nun centro de natureza complexa e cambiante.

Neste *Informe* dáse conta, unha vez máis (9ª edición), do desenvolvemento das diferentes accións de coordinación levadas a cabo no curso 2021-2022, así como dos resultados obtidos.

En concreto é posible destacar durante o curso 21-22 unha serie de fitos de especial impacto na coordinación docente da Facultade.

1. A **organización académica** presentou variacións durante o curso 21-22 para adaptarse aos cambios progresivos cara a normalidade dende o escenario da pandemia. En concreto de setembro a decembro a docencia desenvolveuse de modo semipresencial (grupos A en remoto; grupos B e C presenciais). A partir de decembro de 2021 a organización das aulas mudou á total presencialidade. Este proceso implicou a necesaria coordinación entre os catro títulos de grao do centro para adecuarse á dispoñibilidade de espazos e recursos. Por primeira vez os horarios tiveron que se deseñados de modo cooperativo entre os catro títulos. Ademais da coordinación intergraos, tamén foi necesario levar a cabo xuntanzas de coordinación docente entre o profesorado do mesmo título coa finalidade de transmitir as dinámicas de organización docente que se deron durante os primeiros meses do curso.
2. **Consecución do Proxecto de Innovación Docente.** Outro feito de especial relevancia para a coordinación do profesorado do centro foi a elaboración e

concorrenza da facultade á convocatoria de proxectos de innovación docente da Universidade de Vigo, que en resolución reitoral do 20 de maio de 2022 comunicou a súa concesión. Con este proxecto a Facultade pon de manifesto a súa aposta pola mellora docente e sobre todo polo traballo cooperativo, tanto entre docentes como entre alumnado. Aínda que as dinámicas do traballo en grupo son frecuentes, con este proxecto promóvese que o profesorado traballe de xeito cooperativo e colaborativo, situándose como modelo para o desenvolvemento de propostas de aprendizaxe cooperativa e promovendo dinámicas multidisciplinares coa participación de profesorado de diversas áreas, que contribúen á percepción da aprendizaxe vivenciada dende unha perspectiva transversal. Aínda que hai experiencias previas de colaboración entre materias, este proxecto permitirá sistematizar este tipo de accións docentes nun intento de conformar unha cultura académica colaborativa.

3. **Regulamento de delegados de alumnado.** Se ben esta acción non está dirixida especificamente ao profesorado, a súa posta en marcha tivo un impacto na coordinación entre o alumnado de diferentes cursos e titulacións. Ademais a posta en marcha requiriu da colaboración de profesorado dos diferentes cursos e titulacións. Así mesmo, o recoñecemento oficial destas figuras e das súas funcións contribuíu á mellora da comunicación entre alumnado e coordinacións de curso e título, favorecendo unha colaboración máis fluída e eficaz.
4. **Formularios de planificación e coordinación docente.** Froito da reflexión e decisións adoptadas na comisión de calidade do centro durante o curso 21-22, implementáronse os formularios de planificación e coordinación docente destinados a mellorar a coordinación entre as materias que comparten curso e cuatrimestre. A recepción dos formularios das materias de cada curso/cuatrimestre permitiu identificar solapamentos de contido e probas de avaliación, posibilitando a adopción de medidas de corrección pertinentes. Así mesmo, preténdese a mellora da percepción do alumnado sobre a coordinación entre os docentes dunha mesma materia.
5. Por último, outro cambio destacable durante este curso 21-22 foi a **sistematización do rexistro de actas do Plan de Acción Titorial (PAT)** e a súa análise por parte da coordinación, permitindo este procedemento a identificación de desaxustes en cuestións de coordinación docente e posibilitando o seu afrontamento. Para profundizar no coñecemento das medidas adoptadas pode consultarse o *Informe de Avaliación do PAT (21-22)*.

De xeito xeral, neste documento expónse, en primeiro lugar, a información sobre a estrutura e responsables das accións de coordinación na Facultade de Educación e Traballo social; en segundo lugar, descríbense as diferentes accións de coordinación docente levadas a cabo durante o curso 2021-2022, para finalizar aportando diferentes medidas que permiten unha avaliación obxectiva da eficiencia das accións de coordinación desenvolvidas. Finalmente, apórtanse algunhas conclusións globais e os anexos.

II. ESTRUCTURA E RESPONSABLES DE COORDINACIÓN

As tarefas de coordinación docente asentan en eixos verticais e horizontais (Táboa 1). O papel de dinamización esencial recae no equipo decanal, na coordinación de calidade e nas coordinacións dos respectivos títulos, que se apoian con outras tipoloxías de coordinación complementarias (coordinacións de curso e/ou materia).

PERSONAL RESPONSABLE DA COORDINACIÓN ACADÉMICA (CURSO 2021-22)			
Coordinación Calidade		Coordinadora Calidade Centro: Díaz Pereira, María del Pino	
		Persoal de apoio a calidade: Aguiar Fernández, Francisco Javier (Apoio Calidade T. Social) Failde Garrido, José María (Apoio Calidade E. Social) González Rodríguez Rubén (Apoio Calidade Mestrados) Iglesias Álvarez, Ana María (Apoio Calidade E. Primaria) Mociño González M ^a Isabel (Apoio Calidade E. Infantil) Vázquez Figueiredo, María José (Apoio Calidade Mestrados)	
Coordinación de título/s	Título de Grao	Grao de Educación Infantil	Mociño González, María Isabel
		Grao de Educación Primaria	Iglesias Álvarez, Ana María
		Grao de Educación Social	Carrera Fernández, María Victoria
		Grao de Traballo Social	López Viso, Mónica
	Título de Mestrado	Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos.	García Señorán, Mar
		Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.	Díaz Pereira, M. del Pino
		Mestrado en profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.	Ricoy Lorenzo, M. Carmen

Título de Grao Outras coordinacións	Equipo coordinador de curso	Coordinación cursos: Educación Infantil Alosno Ferreiro, Almudena: 1º Ed. Infantil García Núñez, Javier: 2º Ed. Infantil Constenla Vega, Xosé: 3º Ed. Infantil Díaz Pereira, María del Pino: 4º Ed. Infantil Coordinación cursos: Educación Primaria Iglesias Álvarez, Ana María: 1º Ed. Primaria García Señorán, María del Mar : 2º Ed. Primaria Conde Rodríguez, Ángeles: 3º Ed. Primaria Iglesias Álvarez, Ana María: 3º Ed. Primaria McNicholls, Stuart: 4º Ed. Primaria Coordinación cursos: Educación Social Carrera Fernández, María Victoria: 1º Ed. Social Rodríguez Castro, Yolanda 2º Ed. Social Failde Garrido, José María: 3º Ed. Social Dapía Conde, María D.: 4º Ed. Social Coordinación cursos: Trabajo Social López Viso, Mónica: 1º Trabajo Social Méndez Fernández, Ana Belén: 2º Trabajo Social López Viso, Mónica: 3º Trabajo Social González Rodríguez, Rubén: 4º Trabajo Social
	Equipo coord. de prácticas externas curriculares	Raposo Rivas, Manuela (E. Infantil) García Señorán, Mar (E. Primaria) Rodríguez Castro, Yolanda./ Fernández Simo, Jesús Deibe (E. Social) Vázquez Perez, Raquel (Trab. Social)
	Equipo coord. do TFG	Díaz Pereira, María del Pino (E. Infantil) McNicholls, Stuart (E. Primaria) González Fernández, Antonio (E. Social) González Rodríguez Rubén (Trab. Social)
	Coordinación: Mobilidade	Coordinación mobilidade de estudantes Cid Fernández, Xosé Manuel (Coordinador) Méndez Fernández, Ana Belén / McNicholls, Stuart / Fernández Carballo-Carlero, Mª Victoria/ Rodríguez Castro, Yolanda/ Figueroa Revilla, Beatriz/ Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa (Apoio á mobilidade)
Coordinación do PAT		Coordinación PAT Vázquez Figueiredo, María José
Título de Mestrado Outras coordinacións	Mestrado en Intervención Multidisciplinaria en Diversidad y Contextos Educativos	- Coordinación Módulo I: Mociño González, Isabel - Coordinación Módulo II: Perdiz Álvarez, Celsa - Coordinación Módulo III: García Núñez, Francisco Javier - Coordinación Módulo IV: Lameiras Fernández, María - Coordinación Módulo V: González Fernández, Antonio - Coordinación Módulo VI: Failde Garrido, José María/ Dapía Conde, María
	Mestrado en Dificultades de Aprendizaje y Procesos Cognitivos	- Coordinación Módulo I: Tellado González, Fernando - Coordinación Módulo II: Conde Rodríguez, Ángeles - Coordinación Módulo III: Raposo Rivas, Manuela - Coordinación TFM: García Señorán, M. Mar
	Mestrado en Profesorado de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	Coordinadores-a de Itinerario: <input type="checkbox"/> Humanidades: Vaquero García, Alberto <input type="checkbox"/> Matemáticas, Tecnoloxía e Informática: Membiela Iglesia, Pedro <input type="checkbox"/> Xeografía e Historia: Prada Rodríguez, Julio <input type="checkbox"/> Orientación Educativa: Ricoy Lorenzo, M. Carmen

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DOCENTE¹

Neste apartado expóñense as principais accións de coordinación desenvolvidas no curso académico 2021-22.

3.1. Coordinación de Títulos de Grao

Para cada un dos Graos (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social) preséntase unha síntese das accións de coordinación docente desenvoltas (ver táboas nas seguintes páxinas).

Para facilitar o seguimento das accións desenvolvidas e os seus obxectivos utilízanse nas táboas os seguintes códigos de cores asociadas ás estruturas organizativas desde as cales se impulsan as diferentes dinámicas de coordinación.

	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN PROMOVIDAS DESDE EL DECANATO
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN VINCULADAS Á COMISIÓN DE CALIDADE
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN INTERCENTROS
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE AS COORDINACIÓNS DE GRAOS
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE AS COORDINACIÓNS DE CURSO
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE A COORDINACIÓN DE MATERIA
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE LA COORDINACIÓN NAS MATERIAS PRACTICUM e TFG
	ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE O PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

ACCIÓN DE COORDINACIÓN PROMOVIDAS DESDE O DECANATO			
MOTIVACIÓN	PERSOAS IMPLICADAS	CUESTIÓN ABORDADA E DINÁMICA DESENVOLVIDAS	DATA
O equipo decanal promove, coordina e dinamiza o conxunto de accións de coordinación docente do Centro.	Decano Vicedecanos-as Secretaria	<p>O equipo decanal deu continuidade ás accións implantadas en cursos anteriores con reunións periódicas, debates e seguimento das propostas de mellora dos títulos. Estas accións pódense sintetizar en:</p> <ol style="list-style-type: none"> Organización académica: adaptación ao escenario de pospandemia. Esfuerzo das coordinacións de todos os títulos na organización e deseño conxuntos de horarios e distribución de espazos e recursos, tanto no período de modalidade semipresencial, como na modalidade de presencialidade total. Análise das enquisas de satisfacción, debate co grupo de apoio á coordinación para valorar accións que redunden na mellora da coordinación de cada curso, entre cursos e dentro de cada materia. Proposta de cronograma coas accións a levar a cabo e as respectivas datas para o proceso de revisión/confeción de Guías Docentes e presentación de TFG. Implementación de formularios de planificación e coordinación docente, coa implicación de coordinacións de título e curso, que procederon a analizar para cada cuadrimestre o posible solapamentos de contidos, entrega de traballos e probas de avaliación, adoptando medidas de corrección. Sistematización do rexistro de actas do Plan de Acción Titorial (PAT). Implicación da coordinación de PAT, de títulos e profesorado responsable para identificar posibles desaxustes e adoptar accións de mellora. Implicación do equipo decanal na consecución do Proxecto de Innovación Docente. En concreto as accións de coordinación desenvolvidas foron: liderado do proxecto, reunións de coordinación co profesorado interesado en participar. Proposta, redacción e aprobación do regulamento de delegados de alumnado. Coordinación entre profesorado de diferentes cursos e titulacións para o desenvolvemento e aplicación do regulamento. 	Reunións periódicas durante todo o curso, celebradas na sala de traballo do equipo decanal.

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN VINCULADAS Á COMISIÓN DE CALIDADE

CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	
A continuación recóllense as principais actuacións desenvolvidas no marco da comisión de calidade relacionadas coa coordinación	- DATA
<p>COMISIÓN DE GARANTIA INTERNA DE CALIDADE, día 8 de xullo de 2021</p> <ul style="list-style-type: none"> Validación, se procede, das guías docentes dos títulos de Grao e Mestrado da Facultade para o vindeiro curso 2021-2022 (http://fcece.uvigo.es/gl/docencia/guias-docentes/) Validación, se procede, do Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (DO-0203 P1 anexo 1 do 25/03/2020: Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo). <p>ACTA DA COMISIÓN DE GARANTIA INTERNA DE CALIDADE, día 17/12/2021</p> <ul style="list-style-type: none"> Comisión e planificación para o deseño das liñas estratéxicas da Facultade Impacto da nova Lei de Titulacións nos títulos <p>ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE, 26/05/2022</p> <ul style="list-style-type: none"> Reflexión, debate e validación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección do Centro e propostas de mellora (curso académico 2020-2021). <p>Acta DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE, 11/07/2022</p> <ul style="list-style-type: none"> Sistema de control de firmas durante o curso 21-22 Programa de Formación Continua do PDI do curso 21-22 - Programa TFG con Alegría. Validación, se procede, do Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (DO-0203 P1 anexo 1 do 25/03/2020: Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo). 	<p>As datas das reunións da CGIC do curso 2021-22, nas que se abordaron asuntos de coordinación docente:</p> <p>08/07/2021 17/12/2021 26/05/2022 11/07/2022</p>

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN INTERCENTROS

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN INTERCENTROS	
CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	
O Centro conta con dous títulos (E. Infantil e Primaria) comúns a tres centros, polo que é necesario manter un contacto regular e chegar a acordos	DATA
De xeito regular, ao longo de todo o curso, mantéñense accións como: <ul style="list-style-type: none"> - Intercambios e debates entre os responsables dos equipos decanais, coordinacións de calidade e coordinacións de títulos a través da posta en común e reflexión sobre aspectos complexos e de interese para todos os Centros. - A través de contactos mediante correo, campus remoto e telefónicos: <ul style="list-style-type: none"> - Mantivéronse contactos regulares e intercambio de información para realizar o Informe sobre o seguimento de títulos e dos plans de mellora. - Debatéronse accións de mellora que afectan aos títulos compartidos. - Continuouse a traballar na homoxeneización dos procesos de recoñecemento de materias para alumnado procedente de diferentes itinerarios formativos. - Debateuse sobre a posibilidade de implantar os dobres graos de Educación Infantil e Primaria. 	Intermitente curso 2021-2022 Xuño 2021

ACCIONES DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE AS COORDINACIONES DE GRAOS

Acadar unha axeitada organización entre o profesorado e unha boa articulación dos contidos que imparte desde as respectivas materias, así coma a distribución gradual e racional da carga de traballo nos respectivos cuatrimestres

TITULACIÓN/S	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
Todos os títulos	Reunión de coordinación da Facultade: Cuestións abordadas: debate e reflexión sobre a participación na convocatoria dos proxectos piloto de Innovación docente.	Dúas reunións: 29/03/2022 e 18/04/2022
Educación Infantil e Educación Primaria	Reunión inicial de coordinación docente e información sobre as necesidades do novo escenario docente do curso 2021-2022. Cuestións abordadas: aulas virtuais/presenciais, organización e cambio de grupo, medidas covid, cronograma das materias etc.	03/09/2021
	Ao longo do ano lectivo celebráronse reunións periódicas entre o profesorado de cada curso de Educación Infantil e Educación Primaria, dinamizadas pola coordinación de curso, nas que se abordaron cuestións metodolóxicas, carga de traballo, problemáticas de cada grupo etc.	Durante todo o curso
Educación Social	Reunión inicial de coordinación docente e información sobre as necesidades do novo escenario docente do curso 2021-2022. Cuestións abordadas: aulas virtuais/presenciais, organización e cambio de grupo, medidas Covid, cronograma das materias etc.	06/09/2021
	Ao longo do ano lectivo celebráronse reunións periódicas entre o profesorado de cada curso de Educación Social, dinamizadas pola coordinación de curso, nas que se abordaron cuestións metodolóxicas, solapamento de contidos, carga de traballo, ou problemáticas específicas de cada grupo, entre outras cuestións.	Durante todo o curso
Traballo Social	Correo de benvida enviado a todo o profesorado achegando os seguintes documentos: - Distribución de GPs - Horarios de 1o Curso do 1o cuatrimestre - Formularios de coordinación materia	Setembro 2021
	Reunión de Coordinación do primeiro cuatrimestre dos coordinadores de cursos de Traballo Social. Orde do día: 1o- Informe da Coordinadora. 2o-Formulario enviado pola Comisión de Revisión del Libro Blanco, que va a levar a cabo un diagnóstico para	Decembro 2021

	<p>coñecer, a situación na que se atopan actualmente os Título de Grado en Traballo Social no noso país. 3o- Creación de un espazo en Moovi para cada unha das coordinacións de curso. 4o-Enquisas de satisfacción e artigo da Rexión. 5o-Recordatorio dos formularios de calidade. 6o- Rogos e preguntas. Asistentes: López Viso, Mónica (Coordinadora Grao, e 1o e 3o curso) Méndez Fernández, Ana Belén (coordinadora 2o curso) González Rodríguez, Rubén (coordinador 4o curso)</p>	
	<p>Creación en Moovi pola coordinadora do Grao de 4 Espazos de coordinación de cada un dos cursos do Grao de Traballo Social. Existen 4 espazos: 2223-O05G220V01_COOR1 Espazo de Coordinación 1o do Grao en Traballo Social 2223-O05G220V01_COOR2 Espazo de Coordinación 2o do Grao en Traballo Social 2223-O05G220V01_COOR3 Espazo de Coordinación 3o do Grao en Traballo Social 2223-O05G220V01_COOR4 Espazo de Coordinación 4o do Grao en Traballo Social Cada un destes espazos está xestionado pola/o coordinador/a do curso correspondente así como a coordinadora do Grao. Cada un dos espazo dispón das seguintes seccións: - Datos do coordinador de curso - Datos das persoas delegadas do curso - Horarios - Grupos - Documentos de interese - Foro de anuncios - Foro de dúbidas</p>	Xaneiro 2022

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS DESDE AS COORDINACIÓNS DE CURSO

Organización entre o profesorado e unha boa articulación dos contidos que imparte desde as respectivas materias, así coma a distribución gradual e racional da carga de traballo nos respectivos cuadrimestres.

CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
<ul style="list-style-type: none"> • Reunións das coordinacións co profesorado para abordar a situación de semipresencialidade que se mantivo ata decembro de 2021 e paso posterior á normalidade 	Setembro febreiro
<ul style="list-style-type: none"> • Impulso para a complementación e publicación dos formularios de planificación e coordinación docente. • Recepción dos formularios por curso e cuadrimestre • Revisión dos formularios para detectar posibles solapamentos nos contidos e datas de avaliación 	Principio de cada cuadrimestre
<ul style="list-style-type: none"> • Seguimento e dinamización do Plan de Formación Continua do Profesorado, coa celebración de cursos sobre: <ul style="list-style-type: none"> • Análise cualitativa en Investigación Educativa con ATLAS.ti • Mellorar a docencia universitaria “Innovación da sesión expositiva e fomento da participación do alumnado” • Seguridade e Privacidade de Datos na Docencia • Primeiros pasos no coidado da voz en docentes • Práctica de ensino supervisada e Prácticum cun ollar internacional • Presente e futuro do Prácticum do Grao de Traballo Social 	O longo de todo o curso

ACCIONES DE COORDINACIÓN DESARROLLADAS DESDE LA COORDINACIÓN DE MATERIA

CUESTIONES ABORDADAS E DINÁMICAS DESARROLLADAS	DATA
<p>A coordinación entre o profesorado que comparte unha materia é un factor determinante da calidade docente. No curso 2021-22 implementouse como unha das propostas de mellora enfocadas ao fortalecemento da coordinación entre o profesorado da mesma materia o formulario de planificación e coordinación docente.</p> <p>O centro na súa web facilita aos docentes o devandito formulario no seguinte enlace: http://fcee.uvigo.es/gl/o-centro/normativa-e-formularios/#formularios</p>	<p>Durante todo o curso</p>
<p>Como en anteriores cursos, desde o Decanato e a Coordinación de Calidade insístiuse periodicamente en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • análise conxunta das directrices xerais establecidas na Ficha de Materia recollida na memoria Verifica • establecemento de acordos sobre a definición operativa de competencias, contidos, resultados de aprendizaxe, metodoloxías e sistemas de avaliación recollidos na Guía Docente. • Distribución de competencias e contidos a traballar por cada un dos docentes da materia • Acordo sobre o deseño, recollida ou adaptación de ferramentas de aprendizaxe e recursos para a avaliación • Concreción de actividades e traballos a desenvolver polo alumnado e datas de entrega. 	<p>Xuño (previa elaboración guías docentes).</p> <p>Setembro-xaneiro, previo ao inicio do cuadrimestre.</p>

ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DE ENVOLVIDAS DESDE LA COORDINACIÓN NAS MATERIAS PRACTICUM e TFG

ACCIÓNS ESPECÍFICAS NOS TÍTULOS DE MAXISTERIO NA MATERIA DE PRÁCTICUM

Nos títulos de Educación Infantil e Educación Primaria continuouse traballando na actualización da documentación do Prácticum e, como en cursos anteriores, asignáronse ás titoras/es académicos, organizáronse os seminarios formativos para o curso 21-22. Seguiu incidindo na mellora da coordinación entre os os/as titores/as dos centros educativos e as titoras e titores da Facultade. O 23 de setembro tivo lugar unha xuntanza virtual na que participaron as direccións dos centros, titoras/es externos e titoras/es académicos na que se analizaron os procedementos e contidos asociados a este período formativo, puxéronse de manifesto inxerencias e suxestións ou propostas de mellora ó respecto.

Os titores/a académicos participaron na actividade de formación docente “Práctica de ensino supervisada e Prácticum cun ollar internacional” (celebrada do 2 de decembro de 2021 ao 28 de maio de 2022), na que se coñeceron experiencias exitosas desenvolvidas no Prácticum en universidades portuguesas. Reflexionouse sobre os cambios na normativa do Prácticum e procedementos e presentouse a nova plataforma dixital para a xestión do Prácticum da UVigo.

Nas xuntanzas de coordinación entre titores/as académicos celebradas o 15 de setembro, 2 de decembro, 6 de maio e 1 de xullo, revisáronse os formularios e procedementos do Prácticum e propuxéronse melloras; acordouse nomear unha comisión de matrículas de honra e os requisitos para optar á matrícula; decidiuse continuar coas accións formativas no marco do Plan de Formación Continua do PDI e fixéronse propostas; analizáronse os incidentes no comezo do Prácticum; propúxose recompilar as boas prácticas que se desenvolven nos centros educativos; debateuse a adecuación, ás necesidades e idiosincrasia da facultade, do novo aplicativo para a xestión do Prácticum; reflexionouse sobre a utilidade do diario de prácticas; Tamén se avaliaron os estudantes en Prácticas.

Accións específicas no título de Educación Social:

1ª Reunión: 19/11/2021

Cuestións abordadas: revisión tramitación de practicums I e II; información e aportacións sobre a plataforma de prácticas; asignación de alumnado matriculado que non realizou o trámite previo de solicitude de institución; novos convenios e incorporación de persoas titoras de prácticas.

2ª Reunión: 07/06/2022

Cuestións abordadas: cualificacións definitivas do alumnado de Practicum I e II, propostas de Matrícula de Honra e adxudicación das mesmas.

28/06/2022

Participación no curso sobre o practicum “Innovación no desenvolvemento do practicum do Grao de Educación Social: novos procedementos virtuais” (09:30 a 14:30).

3ª Reunión: 13/07/2022

Cuestións abordadas: cualificacións definitivas do alumnado de Practicum I e II da convocatoria de xullo, propostas de Matrícula de Honra e adxudicación das mesmas.

Accións específicas no título de Traballo Social:

1º Reunión: 18/06/2021 despacho despacho 2-2-2

Asistentes: Coordinadora e titores académicos: Raquel Vázquez Pérez, Carmen Verde Diego e Rubén González Rodríguez Motivo: revisión e actualización da documentación de Prácticum; asignación de titores/as e organización dos seminarios presenciais do curso 21-22; revisase a mellora da coordinación entre titoras/es académicos, na mellora de aspectos organizativos (procedemento de asignación de entidades, calendario) e formativos (funcións e obrigas, contidos e tarefas e avaliación e seguimento) do Prácticum.

2º Reunión: 20/09/2021 despacho despacho 2-2-2

Asistentes: Coordinadora e titores académicos: Raquel Vázquez Pérez, Carmen Verde Diego e Rubén González Rodríguez Motivo: Asignación definitiva de destinos de prácticas.

3º Reunión: 14/10/2021 despacho despacho 2-2-2

Asistentes: Coordinadora e titores académicos: Raquel Vázquez Pérez, Carmen Verde Diego e Rubén González Rodríguez Motivo: Resolución de incidencias en destinos de prácticas.

4º Reunión: 29/11/2021 despacho Sala do Profesorado 4ª planta

Asistentes: Coordinadora e titores académicos: Raquel Vázquez Pérez, Xosé Manuel Cid Fernández, Carmen Verde Diego, Mª Celsa Perdíz Álvarez e Rubén González Rodríguez Motivo: Organización do procedemento do Prácticum e proposta de modificación do Regulamento do Prácticum.

5º Reunión: 16/02/2022 despacho 2-2-2

Asistentes: Coordinadora e titores académicos: Raquel Vázquez Pérez, Carmen Verde Diego e Celsa Perdíz Álvarez. Motivo: Aspectos organizativos do Prácticum: asignación de matrículas de honra, revisión da rúbrica de avaliación. Conclusións e propostas de mellora para o próximo curso: continuar mellorando a accesibilidade a toda a documentación da materia a través da plataforma Moovi.

6º Reunión: 18/07/2022 despacho 2-2-2

Asistentes: Coordinadora e titores académicos: Raquel Vázquez Pérez, Carmen Verde Diego e Rubén González Rodríguez e Celsa Perdiz Álvarez

Motivo: Valoración xeral do Prácticum (aspectos organizativos, aportación do alumnado, etc). Avaliación de xullo do Practicum.

ACCIÓNS ESPECÍFICAS NOS TÍTULOS DE MAXISTERIO NA MATERIA DE TFG

O TFG esixe de constantes axustes na busca dun modelo eficaz de xestión administrativa e práctica académica, o que esixe unha axeitada e flexible coordinación docente que permita integrar ambos obxectivos.

Con data 8 de Xullo 2021 creouse a *Comisión de Coordinación de TFG da Facultade*. Dado que o Traballo de Fin de Grado ten un único Regulamento para todo o centro, entendeuse necesario a creación desta comisión para coordinar e unificar criterios sobre cuestións sobrevidas nos especificadas neste regulamento. Esta comisión tamén ten encomendadas as funcións de coordinación ao respecto das actuacións que se realizan previas a cada una das convocatorias.

- Nunha reunión da Comisión Permanente, acordouse o cronograma das diferentes fases de solicitude e avaliación para as distintas convocatorias do TFG. Tamén se aprobou a Comisión para M.H. do TFG para cada un dos títulos. Cabe sinalar que en todas as convocatorias de avaliación/defensa do TFG se desenvolveron de xeito presencial.
- A coordinación de TFG, a través do correo electrónico, consensou co profesorado o inicio do proceso para a titorización do TFG no curso 2021-22 así como a apertura de prazo para comunicar o nº de prazas ofertadas e as liñas de investigación para a titorización.
- Desenvolveuse unha reunión da Comisión de Coordinación de TFG da Facultade para decidir a asignación máxima de TFG por titor-a.
- A través do correo electrónico comunicóuselle ao profesorado titor de TFG a existencia dun período para a revisión/apertura de incorporación das liñas de investigación.
- Previamente a cada convocatoria, a Comisión de TFGs reuniuse para consensuar as indicacións que se trasladan a alumnado e profesorado a través do Moovi. Ao respecto dos tutores/as, contactouse previamente con eles/as para a asignación dos horarios de defensa. Así mesmo, remítuselles por correo electrónico o calendario e horarios definitivos, así como os formularios que deben cubrir, lembrándolles o procedemento e a normativa aplicable.

3.2. Coordinación en Títulos de Mestrado

Atendendo ás características diferenciadas nos tres Mestrado do Centro cabe sinalar as dinámicas seguidas en cada título con respecto a este aspecto. No obstante en cada un deles se teñen en consideración diferentes accións desde un plano vertical e outro horizontal.

3.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

A coordinación docente do profesorado deste Mestrado é un compoñente clave e que polo tanto recibe unha atención especial, coa finalidade de mellorar constantemente a calidade do mesmo. Como se ven insistindo nos distintos cursos académicos, o feito de contar no Título con un equipo docente multidisciplinar favorece de xeito significativo a riqueza e diversidade académica, pero á vez presenta a necesidade de prestar unha atención destacada á coordinación do profesorado (en ocasións proveñen de diferentes áreas, titulacións e contextos profesionais).

O principal espazo de coordinación docente, que pon a disposición a Universidade de Vigo e a plataforma de teleformación Moovi. Nela ofrécese un Espazo de Coordinación para o Profesorado do Mestrado Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos. Tal e como mencionamos noutros informes este espazo serve de depósito para a documentación e de vía de comunicación a través do cal compártense e coordínanse, entre outras:

- As accións de coordinación interna de cada materia. Entre outras, o/a coordinador/a de materia sobe a este espazo un documento no que se especifican os acordos referidos ás responsabilidades docentes de cada profesor/a, así como outra información interna relevante (distribución de sesión e contido para aportar información específica sobre as distintas materia, as datas para a entrega de actividades/traballos, os criterios dos sistema de avaliación,..).

- Os/as coordinadores/as de materias obrigatorias, informan das actividades de módulo que se levarán a cabo.
- O emprego por parte do profesorado de imaxes corporativas para favorecer o uso dunha imaxe común e aumentar a percepción de unidade e coordinación interna.
- A información sobre accións de acollida.
- Calquera outra información que poida resultar de interese (históricos, actas de calidade,..).

3.2.1.1. Coordinación vertical

Este Mestrado conta con diferentes responsables para a coordinación académica vertical, que están supeditados ao equipo Decanal, Xunta de Centro, a Comisión de Calidade do Centro no que está adscrito o Título, a Coordinación de Título, Responsable de Calidade do Mestrado, Coordinación de TFM e de Prácticas Externas, así coma a súa Comisión Académica. Esta Comisión Académica está composta por diferentes representantes como pode observarse na táboa seguinte.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA	
REPRESENTACIÓN	MEMBRO
Presidenta (Coordinadora do Mestrado)	M ^a del Pino Díaz Pereira
Secretario (Responsable do PAT do mestrado.)	Rubén González Rodríguez.
Vogais:	MEMBRO
Coordinadora da materia de <i>Prácticas Externas</i>	María Dolores Dapía Conde
Coord. da materia de <i>Prácticas Externas</i>	José María Failde Garrido
Coord. da materia de <i>Calidade de vida para as persoas maiores</i>	Javier García Núñez
Coord. da materia de <i>Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades</i>	Antonio González Fernández

Coord. da materia de <i>Inxustiza da desigualdade á riqueza da diferenza</i>	María Lameiras Fernández
Coord. da materia de <i>Interculturalismo en contextos escolares</i>	Isabel Mociño González
Coord. da materia de <i>Desenvolvemento Comunitario</i>	Raquel Vázquez Pérez
Coord. da materia de <i>Educación de adultos</i>	Carmen Ricoy Lorenzo
Responsable de calidade do mestrado	Sara Martínez Carrera

Nas reunións periódicas, entre a coordinadora do título e a responsable de calidade abordáronse asuntos relativos a organización e toma de acordos relativos ao: establecemento do calendario do Mestrado e do horario; asuntos relativos ao TFM, así coma diversas cuestións asociadas coa calidade do Mestrado, etc.

Por outra parte, cabe sinalar que o curso 2021-2022 foi un curso no que se retomou a presencialidade na súa totalidade nas aulas. Neste sentido desde o equipo Decanal, a Xunta de Centro e a Comisión de Calidade promovéronse diversas reunións e mántivénronse a implantación de accións do anterior curso 2021-2021. Entre outras cuestións, cabe destacar o :

- Seguimento dos Protocolos de actuación da Universidade de Vigo no relativo a Covid19 (Medidas de actuación no centro, na aula, tras a aparición dun caso diagnosticado de Covid-19, etc)
- Modificación de tódolos procedementos relacionados co envío de documentación en formato papel, pasándoos a canles virtuais.

Unha vez rematado o curso 2021-2022 colaboración entre a coordinación de título e a responsable de calidade do Mestrado para definir as directrices a ter en conta na elaboración do informe sobre as propias accións de coordinación docente que posteriormente se cometerá a validación e a aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e a Xunta de Centro respectivamente.

3.2.1.2. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación

Esta coordinación está moi ligada coa de tipo vertical, xa que os/as responsables desta interactúa estreitamente cos responsables da coordinación horizontal e co demais profesorado do Mestrado, principalmente ao inicio de curso e a metade e final de cada cuadrimestre. Xunto coas reunións periódicas, tanto presenciais coma dixitais cabe lembrar as seguintes xuntanzas de coordinación:

Xuño-xullo de 2021 (previo ao inicio do curso 2021-22)

Foi necesario abordar diferentes accións, das que destacamos:

- Deseño dun Formulario de Planificación e Coordinación docente de cada materia para a planificación das tarefas que van a ser levadas a cabo polo alumnado e da avaliación das mesmas.
- Desenvolvemento de diversas xuntanzas de traballo entre os/as docentes para o a coordinación dos mesmos no seguimento dos Protocolos de actuación da Universidade de Vigo no relativo a Covid-19 (Medidas de actuación no centro, na aula, tras a aparición dun caso diagnosticado de Covid-19, etc).
- Desenvolveuse un cuestionario de preguntas abertas para a recollida directa dos datos mediante a secretaria virtual do alumnado. Esta información é a relativa ao Informe Anual MC-05 Satisfacción de Usuarios e Usuarias Satisfacción de Usuarios e Usuarias. Deste xeito deuse paso ao método de medición vía online deixando atrás a recollida de datos en formato papel.
- Xuntanzas de traballo do profesorado co obxecto de revisar e actualizar as Guías Docentes para o curso 2021-22. Dende o equipo Decanal facilitáronse diversas directrices para os diferentes Títulos do Centro dirixidas a resolver os problemas recorrentes coa plataforma de DocNet relativos aos aspectos de tipo técnico, que xorden ano tras ano, coma cuestións de tipo pedagóxico, asociadas principalmente ao deseño dos apartados curriculares das guías docentes.

- Desenvolvemento de diversas xuntanzas de traballo entre os docentes con responsabilidades xerais (de título, de calidade, do TFM e do Prácticum). O que permitiu a posta en marcha da docencia dentro do calendario académico previsto.
- Desenvolveuse unha acción de coordinación para preparar coa respectiva coordinación de materias a información a facilitar ao alumnado na sesión de acollida, prevista dentro do marco do Plan de Acción Tutorial (PAT).
- Como ven sendo habitual coordináronse unha acción para facilitar información aos coordinadores/as de materias para organizar os asuntos relativos a posta en marcha das materias. Así mesmo, especial atención se lle deu a organización das Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Mestrado. Participou o profesorado con responsabilidades xerais no título, coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Prácticum e do TFM. Os asuntos abordados focalizáronse na: Organización do TFM e do Prácticum e todo o relativo a documentación requirida en ambos procedementos na Secretaría Virtual do alumnado.

3.2.1.3. Coordinación entre coordinadores de materia e responsables xerais da coordinación

Na liña de cursos anteriores, se leva a cabo unha reunión entre a coordinación de título e a responsable de calidade do mesmo cos/as coordinadores/as de materia para debater os aspectos mais preocupantes relativos ao:

- a) Planificación académica da materia da que deriva a oportuna secuenciación do respectivo contido.
- b) Entrega racional e equilibrada de traballo/actividades/dossier por materia para favorecer unha formación integral e de calidade no alumnado do Mestrado.

Outra cuestión das tratadas a mencionar pola súa relevancia é presentación e difusión interna dos resultados das enquisas (cuestionario aberto) que desde a coordinación de título e a responsable de calidade se organiza para poder mellorar curso tras curso a docencia nas respectivas materia. Destes análises despréndense os puntos fortes e as problemáticas detectadas en cada materia. Esta información presenta unha grande

relevancia a hora de mellorar o título mediante a reflexión e actuacións pertinentes, en particular nas respectivas materias.

3.2.1.4. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia

A coordinación das distintas materias mantiveron unha coordinación e comunicación constante cos/as demais docentes das respectivas materias. Nesta liña, unha vez máis cabe destacar as accións levadas a cabo para a revisión e actualización das Guías Docentes, así como para a elaboración da información que se lle facilita ao alumnado na presenta da materia concretando a distribución de sesión, docentes a impartilas e contido; cronograma de entrega de actividades/ traballos, criterios de avaliación, etc.

Ao do cuadrimestre o profesorado das respectivas materias baixo a coordinación da coordinación de materia avaliou ao alumnado e revisou, nalgúns casos, as posibles melloras a incorporar sobre este aspecto de cara o curso próximo.

A coordinación de cada materia distribuíu e debateu co profesorado da mesma os resultados derivados o cuestionario aberto que o alumnado cubriu. Esta información, unha vez máis foi considerada de grande utilidade para a reflexión e mellora da docencia das distintas materias.

3.2.1.5. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo

A coordinación entre os módulos mellorou a raíz de incluír na CAM un representante do mesmo. Isto supón un canle de comunicación fluído e favorece a intervención entre os/as docentes implicados no Mestrado para comunicar os problemas atendendo as diferentes problemáticas que se producen en cada módulo e nas respectivas materias.

3.2.2. Mestrado do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Para o desenvolvemento das accións de coordinación docente levan sido de moita axuda en xeral os recursos dixitais e, entre eles, as plataformas de teledocencia, coma Faitic e Moovi. Sen embargo, continua existindo a necesidade de entornos dixitais tamén específicos, por exemplo, para optimizar as accións de coordinación docente. De feito eses poderían dispor dun maior potencial para facilitar ao profesorado a coordinación, en concreto no que atinxe ao rexistro de evidencias.

En canto a contextualización deste Mestrado, hai que ter en conta que se desenvolvese nos tres campus da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo), por ser intercampus. O centro da súa adscrición é a Facultade de Bioloxía (Campus de Vigo). Ao situarse a secretaria técnica deste Mestrado no campus de Vigo na coordinación docente son precisos múltiples mecanismos e ferramentas dixitais que posibiliten a relación e comunicación. Polo tanto é imprescindible o emprego diversos recursos dixitais (teléfono, *email*, *skype*, campus remoto, plataformas da “nube”, plataforma de teleformación da universidade -moovi-, etc.).

Dadas as características deste Mestrado son necesarios distintos tipos de coordinación como, por exemplo, a nivel vertical entre a Coordinadora Xeral e coa Comisión Académica; ademais da inter-relación coa Comisión de Calidade e a Xunta de Centro, en particular, no campus de Ourense.

A Comisión Académica deste Mestrado está formada polos/as seguintes membros:

Presidenta, que é a Coordinadora xeneral do Mestrado (pertencente a Facultade de Bioloxía do campus de Vigo), sendo nomeada polo Consello de Goberno.

Secretario académico (nomeado/proposto pola Presidenta do Mestrado), ubicado na Facultade de Bioloxía do campus de Vigo.

Vogais:

- Unha Profesora, da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense que exerce de Coordinadora neste Campus.
- Un profesor, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra que exerce de Coordinador neste Campus.
- Unha profesora, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense.
- Unha profesora, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra.
- Un profesor, en representación da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía do Campus de Vigo.
- Unha profesora, en representación dalgún itinerario da Facultade de Bioloxía do Campus de Vigo.

En xeral, na coordinación vertical conflúe o labor da Coordinación xeral, da Secretaria Técnica e da Comisión Académica do Título, atendendo a unha serie de directrices consensuadas e unificadas, para garantir nas condicións axeitadas na revisión do deseño e implementación da docencia teórico-práctica das materias. Con todo, cabe sinalar a relevancia da coordinación horizontal, que está supeditada esencialmente ao labor do profesorado do Mestrado. Ademais, desenvólvese en colaboración coa coordinación dos respectivos centros, así coma coa coordinación dos diferentes itinerarios, coma é o caso no campus de Ourense.

3.2.2.1. Accións de coordinación vertical

As accións de coordinación docente no curso 2021-22, desde a coordinación central, foron múltiples. Cabe referirse a que a coordinadora xeral (dende o campus de Vigo) liderou con carácter global as directrices de actuación principais para manter a sintonía necesaria entre os tres campus nos que se imparte este Mestrado.

A modo de exemplo, indícanse algunhas das accións de coordinación académica levadas a cabo desde a *vertente vertical*, no curso 2021-22:

- Convocouse a reunión de acollida co estudiantado ao profesorado dos respectivos campus, para propiciar un primeiro contacto entre os docentes e o alumnado (a finais de setembro 2021).
- No campus de Ourense chegouse a distintos acordos entre a secretaria técnica do Mestrado e a coordinadora deste Mestrado coa finalidade de elaborar o Informe de seguimento do título do curso 2021-22. En particular, foi precisa a coordinación que afecta ao análise de aspectos e datos comúns, ademais de tratar os que teñen un carácter máis específico.
- Reunións periódicas levadas a cabo desde a Comisión Académica do Mestrado para analizar as circunstancias e accións necesarias para a elaboración do: Calendario académico, horarios do profesorado, xestión xeral de prácticas externas, pautas globais sobre a titorizacións do alumnado, xestión do SGIC, selección de novo profesorado e cuestións máis específicos do desenvolvemento da docencia.
- A coordinadora xeral co apoio da secretaria técnica, das coordinacións de campus e coa coordinación de itinerario levou a cabo diversas accións de intercambio para artellar, entre outras, a asignación de titores/as de PAT, TFM e prácticas externas do alumnado, así coma no relativo a actualización das guías docentes.
- Celebración de reunións periódicas, es especial de febreiro a xullo de 2022, entre a coordinadora xeral, a secretaria técnica, as coordinacións dos respectivos campus para resolver as casuísticas e problemáticas xurdidas.
- Diversas reunións da Comisión Académica para reaxustar e consensuar diferentes accións, en particular, as arrastradas a raíz do período de confinamento no curso anterior; xa que este feito singular desencadeou, tanto a mediados do curso anterior coma en parte do curso 2021-22, o mantemento da posta en marcha inicial ou puntualmente da docencia online, así coma algunhas avaliación, a presentación dos TFM, etc. Cabe resaltar que

neste sentido a Comisión de Calidade, a Xunta de Centro e especialmente a Comisión Académica do Mestrado levou a cabo diversas reunión e nelas acordáronse, entre outros aspectos: o mantemento dalgún procedemento relacionado coa dinámica de desenvolvemento da docencia e titorización aproveitando as plataformas dixitais creadas a raíz da covid-19. Entre as que cabe sinalar, alomenos, a:

- Continuación de vías de contacto e reunións virtuais.
- Mantemento de diferentes procedementos asociados co envío de documentación en formato papel e asignación da docencia polo profesorado de xeito online.
- Modificación e comunicación sobre o calendario académico.
- Aproveitamento da coordinación do Mestrado de espazos virtuais e procedementos para o contacto co profesorado e alumnado.
- Redeseño e aprobación de medidas na avaliación das materias para a volta progresiva a normalidade.
- Reorganización do procedemento da implementación das prácticas externas, que fora modificado a raíz da situación sanitaria.
- Redeseño e implementación da volta a normalidade para a atención e avaliación do TFM, que fora modificado anteriormente pola situación sanitaria.

3.2.2.2. *Coordinación horizontal*

O profesorado ten interiorizadas as accións de coordinación coma unha dinámica habitual. Estas boas prácticas que se forxaron a raíz das rutinas levadas a cabo no relativo a coordinación horizontal son un elemento fundamental para manterse as accións establecidas e integrar outras novas. Servindo de base para aquelas que se deben completar e mellorar continuamente; así mesmo ocorre no caso da coordinación vertical cuxa interacción co profesorado do Mestrado para a coordinación horizontal é esencial desde o inicio de curso, así coma en momentos puntuais ao remate dos cuatrimestres e, en particular, na fase final.

É de resaltar que:

- Desde a coordinación sistematicamente ao longo do curso académico 2021-22 empregáronse diferentes ferramentas de comunicación para informar, intercambiar pareceres, chegar a acordos e distribuír responsabilidades tanto coa coordinación de itinerario, coma cos/as docentes das respectivas materias. Para elo, partiuse das pautas facilitadas ou acordadas previamente pola/coa coordinación central do Mestrado, coa secretaria académica e as directrices ou decisións ofrecidas pola Comisión Académica do Título.
- En relación a problemática derivada da Covid-19, continuouse no curso 2021-22, tanto pola coordinadora do Mestrado do campus de Ourense coma polo profesorado coordinador dos respectivos itinerarios, exercendo de enlace para comunicar aos/as docentes das materias do Título as novas directrices establecidas pola comisión académica, así como para aclarar as dúbidas que foron xurdindo.
- As liñas de actuación entre a Coordinadora do campus de Ourense e os catro Coordinadores/a de itinerario desenvolvéronse de xeito sistemático e serven para sentar as bases de carácter xeral neste campus atendendo aos distintos itinerarios, coa finalidade de dar resposta as incidencias recibidas.

O profesorado responsable da coordinación dos itinerarios no campus de Ourense indícase na seguinte táboa.

ITINERARIO	COORDINADOR/A DE ITINERARIO
Ciencias Experimentais: Matemáticas, Tecnoloxía	Prof. Pedro Membiela
Ciencias Sociais: Xeografía e Historia	Prof. Julio Prada
Ciencias Sociais: Humanidades	Prof. Alberto Vaqueiro
Orientación Educativa	Prof. M ^a Carmen Ricoy

• Coordinación de Materia, como é esperable, foi liderada esencialmente por un profesor/a da Universidade de Vigo (normalmente con dedicación a tempo completo e no seu defecto a tempo parcial). Esta coordinación ten unha maior relevancia naquelas materias que están compartidas entre dous ou máis profesorado. Como ven sendo habitual para esta coordinación empregáronse diferentes ferramentas dixitais e, segundo os casos, tamén algunha reunión físicas co obxecto de determinar as directrices esenciais para a implementación da docencia. Como, por exemplo, para acordar os cambios ou a revisión das guías docentes: actualización das fontes de información/bibliografía empregada, secuenciación de contidos e tipoloxía, recursos e calendario para a realización das actividades e a entrega de traballos/actividades, determinación de metodoloxías ou dinámicas de aula, criterios de avaliación, etc. Ademais, desenvóléronse distintos mecanismos de coordinación entre os/as docentes das materias para as modificacións ou reaxustes que esixe a marcha das clases e a avaliación do alumnado ao final dos respectivos cuatrimestres.

3.2.2.3. Accións de coordinación para as Prácticas Externas e o TFM

Na caso das Prácticas Externas e do TFM, teñen un carácter diferenciado en calquera título e polo tanto tamén neste, aínda que a primeira non está presente en tódalas titulacións universitarias. Nestas dúas materias está implicado un elevado número de profesorado do Mestrado, tanto do módulo común, coma do módulo específico. Por elo, coma noutros cursos foi preciso, entre outros aspectos, coordinar a súa distribución na asignación da titorización para garantila a todo o alumnado e contar dun certo equilibrio nesta labor.

Entre outras accións levadas a cabo, a coordinación do campus de Ourense dinamizou, solicitou e recolle as preferencias/expectativas de titorización dos/as docentes do Mestrado, cos docentes do módulo común e específico nos catro itinerarios deste campus. Está actividade é esencial para garantir a todo alumnado a titorización no Plan de Acción Titorial (PAT), así como para a dirección dos Traballos Fin de Mestrado e das prácticas externas.

Finalmente, cabe sinalar que apoiando a secretaria xeral a coordinación do campus de Ourense co-liderou, xunto coa coordinación dos respectivos itinerarios deste campus a organización das sesións de presentación dos TFM. Por exemplo, as directrices sobre o procedemento a seguir, documentación, así coma a distribución da mesma para que os tribunais unipersoais levasen a cabo co alumnado a avaliación do TFM.

3.2.3. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

A coordinación docente é un elemento necesario para un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a mellora da calidade do título, e debe atender tanto aos procesos formais de toma de decisións como aos contactos informais e comunicación diaria do profesorado. Ambos procedementos son moi necesarios neste mestrado pois ademais dos docentes da Universidade de Vigo participan moitos docentes externos que proceden de distintas universidades.

Como xa se sinalou en anteriores informes, o procedemento de coordinación docente deste título é tanto vertical como horizontal. Estruturase a través das figuras da coordinadora do título, coordinadores/as de módulos e de materias que mantiveron reunións periódicas, tanto presenciais como online, para conseguir unha axeitada coordinación docente.

Pola súa parte a Comisión Académica do Mestrado foi a encargada de promover, coordinar e dinamizar as accións de coordinación docente na titulación. É a responsable da PDA, POD e selección do Profesorado do Mestrado e aprobación de guías docentes. Tamén elaborou as propostas de horarios, calendario de probas de avaliación e cronograma do TFM. Está composta polos seguintes membros:

Presidenta (Coordinadora do Título). Mar García Señorán. *Secretaria* (Vicedecana da Facultade, nomeada polo centro). M^a el Pino Díaz Pereira. *Nomeado polo centro en representación da Comisión de Calidade*. Javier García Núñez. *Coordinador Módulo I*. Fernando Tellado González. *Coordinadora Módulo II*. Ángeles Conde Rodríguez.

Coordinadora Módulo III. Manuela Raposo Rivas. Coordinadora materias DA e Estratexias Cognitivas; Métodos e Deseños de Investigación en Psicoloxía Educativa; DA, CI e Enriquecemento Instrumental. Sonia Alfonso Gil.

No curso 2021-22 a Coordinadora do Título participou activamente nas xuntanzas do Equipo Decanal, Xunta de Centro e Comisión de Calidade e trasladou os asuntos tratados e acordos ao resto do profesorado do título nas xuntanzas de coordinación levadas a cabo durante o curso que se detallan a continuación.

3.2.3.1. Reunións da coordinadora de Título coa coordinadora de PAT, técnicas biblioteca, coordinadores/as de módulo e materias e docentes do título.

Xuño-xullo de 2021 (planificación do curso 2021-2022)

O 21 de xuño realizouse unha reunión de coordinación xeral cos coordinadores/as de módulo e materias para comentar os criterios e orientacións actualizadas e o calendario de elaboración de guías aprobado polo centro, fíxose especial fincapé no mantemento do plan de continxencias aprobado o curso pasado así como na necesidade de clarificar no apartado de *Avaliación* que non sería obxecto de avaliación na 2ª oportunidade as partes xa superadas na 1ª oportunidade.

Analizáronse os resultados de aprendizaxe e as puntuacións obtidas nas enquisas de satisfacción. Conclúese que en xeral os datos dos indicadores son satisfactorios e se conseguen as metas de calidade establecidas polo centro, detéctanse fortalezas e debilidades que permiten reflexionar e adoptar plans de mellora para o próximo curso.

Tamén se planificaron os horarios e probas de avaliación do curso 2021-2022.

Setembro de 2021

Levou a cabo unha:

- Xuntanza coa coordinadora do PAT para preparar a Xornada de Acollida (22/09/2021) para o alumnado de novo ingreso.

- Reunión coa técnicas -Antía Salgado e Ana Dios- da Biblioteca Rosalía de Castro. Unidade de Apoio á Docencia e a Investigación para organizar e planificar as sesións formativas da biblioteca, que se celebraron os días 23 e 24 de setembro cun aforo reducido a 12 persoas por sesión polas distancias de seguridade requiridas pola pandemia, e nas que se tratou o proceso de busca da información científica nos recursos subscritos pola Biblioteca e a xestión das referencias bibliográficas con Refworks.

- Reunión de coordinación xeral cos docentes do título para clarificar as *dúvidas en relación as normas de actuación nas aulas derivadas da COVID* (acortar a duración das sesións para ventilar as aulas, continuar as medidas hixiénicas, utilización obrigatoria de máscaras, distancia obrigatoria entre docente e estudantes como mínimo de 2 metros, non compartir obxectos persoais); *explicar o procedemento de rexistro de docencia e o control de asistencia dos estudantes*; detallar o plan de atención individualizado dun *alumna inscrita no Programa PIUNE* (Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo); insistir na *planificación das tarefas* a desenvolver nas distintas materias para favorecer unha entrega equilibrada de traballos e na importancia da *cumprimentación do Formulario de Planificación/Coordinación*. Tamén se revisou cos titores/as de TFM as liñas de investigación para o curso 2021-22.

Outubro de 2021

Desenvolveuse unha xuntanza, na que participou a coordinadora do TFM e coordinadores/as de módulo para analizar as solicitudes das liñas de investigación dos traballos dos TFM e asignar as titoras e titores.

3.2.3.2. Reunións das coordinadoras-es de materia co profesorado

Xuño-setembro de 2021 e xaneiro-xullo de 2022

Nas materias impartidas por máis de un/unha profesor-a realizáronse reunións de traballo virtuais e distintas accións de coordinación que se desenvolveron de xeito máis focalizado nos meses de xuño e xullo para tomar acordos sobre as guías docentes do próximo curso, planificar a docencia, distribuír os contidos, fixar datas de entrega das

distintas actividades, acordar cuestións de tipo organizativo, etc. Ao longo dos respectivos cuatrimestres fixéronse os reaxustes necesarios co grupo aula e ao final do cuatrimestre realizouse a avaliación, etc. Cada materia, no seu espazo da plataforma (MOOVI), ten habilitado un apartado de xestión para depositar documentación, evidencias de coordinación, etc. Este espazo resulta de gran utilidade para un intercambio fluído de información e experiencias.

3.2.3.3. *Outras accións de coordinación desenvolvidas*

A coordinadora do título mantivo comunicación durante todo o curso cos responsables de calidade do centro e cos/coas docentes do Mestrado para intercambiar ideas, discutir e propoñer estratexias de mellora da coordinación do profesorado das diferentes materias. Insistiuse no formulario de coordinación docente entre o profesorado.

Como en cursos anteriores, enviouse, a todos os docentes, un correo electrónico recordando as datas da sesión de cada docente no que se axuntaban dúas listaxes de asistencia para cada unha das sesións do Mestrado, o formulario de planificación/coordinación docente aprobado pola Xunta de Centro. Tamén se remitiu información sobre os intereses e titulación de acceso dos estudantes, e algunhas liñas básicas de organización académica.


IV. RESULTADOS NOS INDICADORES VINCULADOS COA COORDINACIÓN

4.1. Grao de implementación dos formularios de coordinación docente

Unha das accións de mellora da Facultade de Educación e Traballo Social foi a implementación de formularios de planificación e coordinación docente.


Nas seguintes figuras (ver Figura 1 e Figura 2) poden observarse as materias de formación básica e obrigatoria que se sumaron a esta iniciativa nas diferentes titulacións de grao (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social e Traballo Social) e mestrado (en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos e en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos). Non se tiveron en conta os datos relativos ao mestrado en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, ao non estar coordinado dende a Facultade de Educación e Traballo Social.

Figura 1. Porcentaxe de materias de formación básica que se sumaron á iniciativa



Nota. Grao en: Educación Infantil (EI), Educación Primaria (EP), Educación Social (ES) e Traballo Social (TS).

Figura 2. Porcentaxe de materias de formación obrigatoria que se sumaron á iniciativa



Nota. Grao en: Educación Infantil (EI), Educación Primaria (EP), Educación Social (ES) e Traballo Social (TS); Mestrado en: Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos (Dificultades) e Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (Diversidade).

Tal e como se pode observar, na meirande parte dos casos, igualouse ou superouse a porcentaxe mínima establecida (80%) de materias que entregaron este formulario nas titulacións de grao e mestrado.

4.2. Resultados nas enquisas de valoración docente e de satisfacción coa titulación

Os resultados dos Informes de Valoración Docente e dos Informes de Satisfacción cos títulos do curso 21-22 amosan os seguintes resultados relativos ás diferentes titulacións. Non se tiveron en conta os datos relativos ao mestrado en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, ao non estar coordinado dende a Facultade de Educación e Traballo Social.

Nos Informes de Valoración Docente a información facilitada polo ítem “*A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre ou profesorado da materia é axeitada*”, presenta valoracións satisfactorias coas accións de coordinación entre profesorado da mesma materia, ao obter todos os títulos ao redor de 4 sobre 5, cunha media global da Facultade de 4,12 puntos sobre 5. Destacan as puntuacións do mestrado en Dificultades (4,19 sobre 5) e de Diversidade (4,36 sobre 5), así como a do grao en Educación Infantil (4,22 sobre 5).

<i>Puntuación media obtida en cada titulación nas enquisas de Valoración Docente no ítem relativo á coordinación adecuada entre o profesorado das materias</i>	
Titulación	Resultados
Grado en Educación Infantil	4,22
Grado en Educación Primaria	4,08
Grado en Educación Social	4,07
Grado en Traballo Social	3,80
Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	4,19
Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	4,36
Puntuación Media de todos os títulos da Facultade	4,15

Nota. Rango de puntuacións 1-5

En canto aos resultados obtidos nas Enquisas de satisfacción co título do curso 2021-2022 , de xeito específico no ítem “*a coordinación entre as materias do plan de estudos*”, os resultados acadados presentan importantes variacións entre as diferentes titulacións.

<i>Puntuación obtida en cada titulación nos Informes de Satisfacción coas Titulacións, na pregunta relativa á coordinación entre as materias do plan de estudos</i>		
Titulación	Nº Respostas	Resultados
Grao en Educación Infantil	30	3,13
Grao en Educación Primaria	48	2,33
Grao en Educación Social	18	3,33
Grao en Traballo Social	14	3,57
Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	7	2,71
Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	11	4,00
Puntuación Media de todos os títulos da Facultade	-	3,18

Nota. Rango de puntuacións 1-5

Os graos de Educación Infantil, Educación Social e Traballo Social presentan puntuacións superiores a 3, fronte a Educación Primaria con 2,33 puntos sobre 5. En canto aos mestrados, o de Diversidade presenta puntuacións satisfactorias (4 puntos sobre 5), mentres que o de Dificultades conta cunha puntuación próxima aos 3 puntos sobre 5. Así mesmo, a puntuación media dos títulos da Facultade é de 3,18 puntos.

IV. CONCLUSIONES

Á vista das diferentes accións e dinámicas recollidas neste informe podemos concluir que:

1- A Facultade de Educación e Traballo Social dispón de estruturas e dinámicas consolidadas cuxo obxectivo é alcanzar un equipo de docentes coordinados, cohesionados e enfocados á consecución dun proxecto formativo de calidade.

2- Durante o curso 21-22 o centro conseguiu implementar a plena presencialidade de xeito satisfactorio. Este logro conseguiuase grazas á axeitada coordinación dos responsables da coordinación dos diferentes títulos promovida dende o decanato. De especial dificultade foi o deseño dos horarios e distribución de espazos e recursos do centro para responder ás necesidades específicas de todos os títulos.

3. A implantación dos formularios de planificación e coordinación docente amosan resultados satisfactorios a teor da porcentaxe de materias de formación básica e obrigatoria que os implementaron.

4. A consecución do Proxecto de Innovación docente converteuse nun mecanismo que está a fortalecer as sinerxías de coordinación e interdisciplinariedade, promovendo un espazo de encontro, reflexión e toma de decisións colaborativas que ata o de agora non tiña precedentes no centro.

5. A sistematización das actas do PAT e a súa análise por parte da súa responsable permitiu a identificación de desaxustes de coordinación docente e o seu afrontamento.

6. Os resultados nos informes de avaliación docente, a coordinación entre o profesorado das materias pode considerarse como moi satisfactoria. A puntuación media obtida polos títulos da facultade acada un valor de 4,16 nun rango de 1-5 puntos.

A Comisión de Calidade continúa cunha actitude constante de avaliación e mellora dos procesos de coordinación. Un bo exemplo é a constitución da Comisión do Plan Estratégico a finais do curso 21-22, que posibilitou un foro de reflexión e debate sobre a misión e directrices de cara ao futuro da Facultade, o que contribuíu á consecución dun bo clima de traballo en equipo.



Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade de Vigo

Área de Calidade



Centro certificado
FIDES AUDIT